

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

30 PRAZAS DE RESIDENCIA PARA PERSOAS COLABORADORAS BOLSEIRAS NOS CENTROS RESIDENCIAIS DOCENTES DA CORUÑA, OURENSE E VIGO PARA O CURSO ACADÉMICO 2018/2019

As persoas adxudicatarias de prazas de colaborador bolseiro utilizarán os servizos da residencia de forma gratuíta durante o período de funcionamento en que estea aberta aos residentes.

Número de prazas ofertadas:

- **CRD da Coruña:** 18 prazas.

- **CRD de Ourense:** 6 prazas.

- **CRD de Vigo:** 6 prazas.

As persoas colaboradoras bolseiras teñen as seguintes obrigas:

1. Residir no centro residencial docente.
2. Colaborar nas tarefas e actividades relacionadas con accións formativas complementarias.
3. Na súa condición de colaboradora ante o resto das persoas residentes, teñen a obriga de cumprir e facer cumprir as normas de réxime interno, as normas de convivencia e os horarios que permitan o normal desenvolvemento da vida residencial.

REQUISITOS:

- Ter dezoito anos cumpridos, ou acadar esta idade dentro do ano natural 2018.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño do labor de apoio no desenvolvemento da actividade diaria da residencia.
- A distancia entre o centro universitario onde curse os estudos e o centro residencial docente, así como os medios de comunicación existentes, deberán garantir a dispoñibilidade no horario en que teñan que realizar o devandito labor de apoio.
- A persoa solicitante deberá estar inscrita ou matriculada en ensinanza universitaria de grao, máster oficial, primeiro, segundo ou terceiro ciclo nunha facultade, escola superior, escola universitaria ou colexio universitario no curso 2018/19.
- Considéranse estudantes en réxime de dedicación académica a tempo completo os matriculados no número de créditos indicado a seguir:
 - a) Estudos de grao: 60 créditos.
 - b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o número de créditos que resulte de dividir o total dos que integran o plan de estudos (agás os de libre elección) entre o número de anos que o compoñan. Estes solicitantes terán preferencia na adxudicación de prazas.
- Non obstante, os/as solicitantes en situación de matrícula parcial poderán obter praza cando estean matriculados no número mínimo indicado a seguir:
 - a) Estudos de grao: entre 30 e 59 créditos.
 - b) Estudos de primeiro e segundo ciclo: o 50 % dos créditos indicados no punto b) anterior.
- Criterios de baremo: económicos, académicos e outros méritos.

PRAZO E LUGAR DE PRESENTACION DE SOLICITUDES: ata o **3 de agosto de 2018**, na secretaría dos centros residenciais ou nos lugares e rexistros establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992.

INFORMACIÓN:

CRD A Coruña: Universidade Laboral

C/ Salvador Allende, 13. 15174 - Culleredo (A Coruña)

Tel.: 981 667 836 Correo-e: credo.coruna@edu.xunta.es

www.edu.xunta.es/centros/credocoruna

PUBLICACION: [DOG 23/07/2018](#)